



ANEXO

MEDIDAS ANTE A APARICIÓN DE CASOS SOSPEITOSOS DE GRIPE OU DE INFECCIÓN RESPIRATORIA NAS ESCOLAS INFANTÍS

A gripe é unha enfermidade infecciosa que se **transmite por gotas ao esberrar e tusir**, ou polo **contacto coas superficies contaminadas** por secrecións respiratorias.

A sintomatoloxía típica comeza de forma brusca cunha combinación dos seguintes síntomas: **febre, tos seca, dor de cabeza, dor muscular e articular, malestar xeral, congestión nasal e dor de gorxa**. Nos nenos tamén son frecuentes **náuseas, vómitos e diarrea**.

A complicación máis frecuente é a pneumonía viral ou bacteriana, podendo chegar a ser grave nos escolares menores de 5 anos, nos adultos maiores de 64 anos e nas persoas con factores de risco.

Debido a que se trata dunha infección producida por un virus **non se recomenda o uso xeneralizado de antibióticos** xa que non sería efectivo e mesmo podería xerar resistencias bacterianas.

No inverno circulan outros virus ademais da gripe que tamén son contagiosos polo que ante a aparición de casos con infección respiratoria nun centro, recoméndase aplicar as seguintes medidas preventivas:

- MEDIDAS HIXIÉNICAS XERAIS

- Asegurar un correcto lavado de mans con auga e xabón (mínimo de 40 segundos, frotando ben as mans) ou desinfección de mans con xel hidroalcohólico (20 segundos).
- Manter unha adecuada hixiene respiratoria: esberrar ou tusir en panos limpos desbotables ou na cara interior do cóbado e realizar un lavado das mans se hou-



bo contacto con secrecións respiratorias. En xeral evitar tocar o nariz, a boca e os ollos.

- Ventilar frecuentemente os espazos mediante ventilación cruzada, se é posible.
- Realizar unha limpeza e desinfección de superficies frecuente, facendo fincapé naquelas de maior contacto ou contaminadas con secrecións (como pomos, mesas, interruptores, pasamáns, etc.).

- ACTUACIÓN ANTE SÍNTOMAS RESPIRATORIOS NO DOMICILIO

- Recoméndase non acudir ao centro ata que rematen os síntomas, ou polo menos, ata 24 horas tras a febre sen uso de antitérmicos.
- De ser necesario, pola intensidade dos síntomas, consultar co seu pediatra/médico de cabeceira.

- MEDIDAS ESPECÍFICAS ANTE UN CASO SOSPEITOSO NO CENTRO

- Recoméndase o uso de máscara no caso de presentar síntomas de infección respiratoria, o que se estende tamén ao persoal que atende a estas persoas.
- Procurar reducir as interaccións no centro na medida do posible, limitando o grupo exposto, sobre todo con persoas que presenten factores de risco.